

A *Translatio* e os Camiños de Santiago na Costa da Morte

Presentacións poñentes.

(Venres 25)

A “*Translatio*” e o fenómeno xacobeo na Costa da Morte

Manuel Garrido Rivero

Historiador, escritor e peregrino. Autor de libros e artigos relacionados co Camiño de Santiago: Guía práctica do Camiño Portugués, *Guía práctica da Ribeira Sacra* (1ª edición en 2008, segunda edición revisada en 2017), recentemente *Guía de Padrón*. Foi director da Asociación Galega de Amigos de Camiño de Santiago, socio fundador da Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago. Traballa na Área de Cultura Xacobeo da S.A. Xacobeo.

Bieito Pérez Outeiriño

A súa vida laboral basculou entre a Arqueoloxía e os museos, ocupou varios postos na Administración, conservador facultativo no Museo Nacional de Arte Romana de Mérida como Xefe do Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia ou; director de diversas excavacións arqueolóxicas, investigador; foi o Director do Museo das Peregrinacións e de Santiago dende 1998 ata 2017. Actualmente é membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega e imparte charlas e conferencias como a de hoxe que trata sobre un tema que dende sempre lle chamou a atención, agora explicaranos o porqué.

Xosé Mª Lema Suárez

Xosé Mª é moitas cousas e entre elas: Catedrático de Xeografía e Historia de ensino secundario, membro correspondente da Real Academia Galega, membro numerario do Museo do Pobo Galego. Aquí está como Presidente do *Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte* (SEMESCOM), autor e colaborador en infinidade de libros, artigos, conferenciante e sobre todo é un gran coñecedor, divulgador e un apaixonado da cultura, da paisaxe e do Patrimonio da Costa da Morte.

Simón Peña Villasenín

Diplomado en Enxeñaría Técnica en Topografía pola USC, Máster en Dirección de Proxectos, docente e investigador predoutoral no Grupo de investigación Grupo Integrado de Enxeñaría Civil e Xeomática. Centra a súa investigación na Fotogrametría e

Teledetección, máis concretamente na aplicación da fotogrametría a proxectos de documentación patrimonial. Vainos falar dos modelos 3D da *Translatio*.

Jorge García García

Licenciado en Historia pola USC. Realizou dous cursos de postgrado, relacionados coa dixitalización do Patrimonio Cultural e coa organización e xestión da información documental. Laboralmente móvese entre a Arqueoloxía, a Arquivística, a documentación e a divulgación patrimonial, contando cunha ampla experiencia en todos estes eidos. Vainos contar como foi o seu traballo de investigación e documentación da *Translatio* de Cereixo.

A *Translatio* e os Camiños de Santiago na Costa da Morte

Presentacións poñentes.

(Sábado 26)

Mesa O Camiño de Santiago, o turismo e o desenvolvemento rural

CMAT

Como din na súa web a Asociación de Turismo da Costa da Morte, tras o acrónimo CMAT escóndese o desexo de dar a coñecer un xeodestino cunha oferta turística tan ampla como en boa parte descoñecida, o da Costa da Morte, un territorio único e cheo de vida. En representación de CMAT, a súa Tesoureira Sandra Insua Rial e Bernardino Martínez Castiñeira.

SOLPOR

Solpor traballa na promoción do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía atendendo ao patrimonio material e inmaterial do itinerario, e mellorar a experiencia dos peregrinos;e tamén a ofrecer aos peregrinos e viaxeiros a mellor oferta, para que a súa estadía sexa o máis satisfactoria posible. Representando a Solpor están Pilar Trillo e Jesús Picallo.

SENDA DAS ESTRELAS

De Santiago a Compostela polo *finisterrae*. Sendeirismo, descanso, gastronomía e experiencias por vivir en boa compañía. 11 etapas para facer en solitario ou en grupo ao ritmo de cada un. Vainos falar desta experiencia Manuel Iema Sieira, xerente de Casa Perfeuto María.

BONO IACOBUS

O Bono Iacobus é un servizo turístico deseñado especificamente para o Camiño de Santiago. Permite percorrer por etapas as distintas vías históricas que dende hai séculos conducen a Santiago de Compostela, aloxándose cada día nunha casa de turismo rural diferente. Ademais ofrece sete rutas diferentes para gozar do Camiño de Santiago. Vainos falar deste Bono Iacobus, Manuel Oreiro, de Viaxes Vitoria de Santiago.

A *Translatio* e os Camiños de Santiago na Costa da Morte

Presentacións poñentes.

(Sábado 26)

Mesa Os Camiños de peregrinación na Costa da Morte

José Antonio de la Riera Autrán

José Antonio de la Riera Autrán é unha das voces máis autorizadas para falar do Camiño de Santiago. Fundador da Asociación Galega de Amigos do Camiño e da Fraternidade Internacional do Camiño, colaborou na investigación e sinalización do trazado actual do Camiño Portugués en Galicia, da prolongación a Fisterra e Muxía e tamén é un dos promotores da Vía Mariana Luso Galaica. Desa prolongación a Fisterra e Muxía vainos falar hoxe.

ASOCIACIÓN BAÍÑAS NO CAMIÑO

É unha asociación cultural que nace para a defensa do patrimonio da parroquia de Baíñas, especialmente o seu Camiño de Santiago a Muxía. Desenvolven un importante traballo vinculado á Vía Mariana Luso Galaica. En representación de Baíñas no Camiño está o seu Secretario, Roberto Roget Antelo.

ASOCIACIÓN CULTURAL DE BERDOIAS

Esta asociación está moi involucrada co patrimonio da parroquia de Berdoias, especialmente cos temas vinculados ao Camiño e á Vía Mariana Luso Galaica. Representando a esta asociación están a súa Presidenta Francisca Antelo e a Secretaria Mónica Rodríguez.